

# Contra saudade

**P**or mor do accésit recibido na última edición do Premio de Poesía Miguel González Garcés, sae do prelo este novo libro *Contra saudade* de Xosé Manuel Vélez. Trátase dun libro complexo, no que se entrecruzan variados tons, variados temas, moitas estruturas. Creo que unha lectura coidada amosará a presenza mesmo de varias voces. A propia estrutura do libro, dividido en dúas partes divididas á súa vez en moitas outras, en total seis, contribúe a crear esta impresión de multiplicidade. Pero vou tentar ordenar os elementos e quedaréi con dúas voces fundamentais, dous "eus poéticos" que conviven nestas páxinas. (Se a convivencia resulta ou non harmónica é unha apreciación que prefiro deixar ós lectores).

Hai en principio unha voz culta, diría "culturalista", que recorre a estruturas poéticas clásicas: versos octosilábicos e endecasilábicos, sonetos e outras formas máis antigas, referencias literarias ou históricas, mesmo unha lexicografía densa, con múltiples elementos propios doutros tempos da nosa tradición poética. Remito para ver un exemplo disto ó poema da p. 43, curiosa e lograda maridaxe entre léxico, ton fórmulas marcadamente afíns á nosa tradición dos códices, e estrutura do soneto, en moitos sentidos tan allea a aqueles elementos.

A segunda destas voces (que a min me resulta máis atractiva, xa direi por qué) é unha voz máis sin-

xela, e non por iso menos interesante ou con menos recursos. Entre os textos que conforman a serie atribúble a esta "voz" hainos breves e curtos, con e sen estrutura de rima ou metro fixo. A diferenza está nun sentido moito máis cotián da linguaxe, do diálogo, dos elementos literarios.

A partir destes elementos, cómpre mergullarmonos da variedade temática destes poemas. No bestiarío persoal e Vélez atoparemos referencias á historia, paisaxes urbanas, motivos rurais con tímidos restos saudosos (malia a anatematización do título), e o grande tema deste libro, o grande tema da poesía, diría o tema da poesía de todos os tempos: o amor. En realidade poderíamos dicir que este libro ten un tema, que os outros son case interludios. E por tratarse dun libro sobre o amor non resulta extraño aquí o re-

curso a formas poéticas clásicas, tan axeitadas para o tema amoroso. Máis a lectura e relectura destas páxinas déixanme coa impresión de que a primeira voz poética á que fixen referencia, agóchase detrás destas fórmulas. Resúltame moito máis sincera a segunda voz, para enfrontar temas cotiáns e carnaís como os do amor. Por iso é que dicía que me resultaba máis atractiva esta segunda voz. Mesmo a estrutura do libro de seccións dentro de seccións resúltame parte dos artificios do autor para ocultar os seus sentimentos. (¿Da ollada dos outros? ¿Da súa propia?).

Que non se me malinterprete. Non digo que non se poda recorrer ás formas clásicas, ou ás referencias cultas, ou a lexicografía "elevada" para tratar este ou calquera outro tema. Só que, neste caso particular, sinto máis sincera a voz simple, a máis cotiá. É a esta voz á que lle podo crer, e de feito lle creo, os sentimentos que está a me amosar.

Hai que facer mención das variadas referencias irónicas, en xeral non moi benintencionadas, que percorren estas páxinas. Parece ser que o autor non pode eludir nin cando escribe poesía, estas súas teimas. Máis prefiro manter isto nun segundo plano porque creo que a médula do libro vai por aquelas outras vías. Queda para o lector tamén indagar nesas lecturas se lle apetece. E a min, vale o dito para o libro de Marta Dacosta, aínda que, neste caso, Vélez safu favorecido na adxudicación de ilustradores.

Vélez, Xosé Manuel, *Contra saudade*, Ed. Deputación de A Coruña, 1996.